



Santiago, 28 de maio de 2019

Benqueridas familias:

Comunicámosvos que segundo a Orde do 3 de maio de 2019 (DOGA do 20 de maio de 2019), pola que se regula a participación no **Fondo Solidario de libros de texto para o curso escolar 2019/2020 destinadas a:**

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e en 1º, 2º, 3º e 4º ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2018/19.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º e en educación especial (EE); así como axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade  $\geq$  65% e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo – NEAE -)
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (**E-DIXGAL**) no curso 2019/20 está excluído de participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto. No obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde, **polo que o alumnado do noso Centro matriculado en 1º ESO para o curso 2019/20, unha vez que se saiba que o Centro está incluído no Proxecto educación dixital (E-DIXGAL) queda excluído para o devandito curso.**

Os requisitos das persoas beneficiarias de libros procedentes do Fondo Solidario do Centro ou de Axudas para adquirir libros de texto serán os seguintes:

- Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do Fondos Solidario no curso 2018/19.
- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do Fondo Solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso 2019/20 e devolvelos ao rematar este en xuño ou setembro segundo o caso.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o Centro en que estea matriculado o alumno.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que se necesita.
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes de Fondo Solidario, Axuda Libros e Materia Escolar **será única** para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2019/20, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros. **No caso que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondo libros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.**

As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> .

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquirido coa axuda para libros de texto.**

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **21 de xuño de 2019.**

As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitud (anexo I)** a seguinte documentación:

- a) **Anexo II** (Autorización dos membros da unidade familiar, agás do solicitante que xa autoriza no Anexo I).
- b) **Copia do libro de familia** onde figuren os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2017 poderán acreditar o número de membros segundo consta no Artigo 12 da Orde do 3 de maio de 2019 (DOGA 20 de maio de 2019)

**DATAS A TER EN CONTA:**

Devolución dos libros ao titor/a	Ata o día 21/06/2019
Publicación listaxes provisionais FONDO DE AXUDA	11/07/2019
Reclamación sobre as listaxes provisionais (dous días seguintes a publicación)	12 e 13 de xullo de 2019
Publicación listaxes definitivas FONDO DE AXUDA (Ed. Primaria de 3º a 6º)	19/07/2019
Recollida dos VALES DE LIBROS DE TEXTO (1º e 2º Primaria e Educación Especial) e MATERIAL ESCOLAR para os demais cursos	Dende o 11/07/2019 ao 19/07/2019
<b>ALUMNOS DA ESO - CON MATERIAS PENDENTES DE SETEMBRO</b>	
Devolución dos libros	O día do exame en Setembro.
Publicación listaxes definitivas (1º a 4º ESO)	13/09/2019
<b>ENTREGA DE LIBROS DO FONDO SOLIDARIO - SETEMBRO</b>	
<b>ED. PRIMARIA</b>	Día: 4, 5 e 6 de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 18:00 h
<b>ED. SECUNDARIA</b>	aos alumnos ao comezo do curso escolar a partir do día 16/09/2019

O Centro enviará unha circular personalizada a cada alumno beneficiario do Fondo Solidario ou de Axuda Libros de Texto do Curso 2018/2019 cos libros que ten que devolver.

As listaxes provisionais e definitivas estarán expostas no taboleiro do Centro. (na portería do colexio)

Os alumnos poderán recoller os libros sempre que traian unha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a.

Para máis información consultar na nosa páxina web: [www.ciamariasantiago.org](http://www.ciamariasantiago.org)

Un saúdo,

A DIRECCIÓN